

Abellá — Frades, ca. 1983

Informante: María de Pumariño**Compilador:** Baldomero Iglesias**Transcripción:** Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. A Xoaniña de Castro
encontrábas' aburrída
escrebiulle ao amigho
que a reclame enseghida.
2. O amigho contestoulle:
—Eu p'aquí non te reclamo,
eu p'aquí non te reclamo
te digho de outra maneira
Ai, que cojas la maleta,
ai que cojas la maleta,
te vayas a Venezuela!
3. —Pa Venezuela non vou-e
que teño pouquiños cartos
que os ghasitei na xusticia
e tamén nos avoghados.
4. Son filla dun paradista
e a neta do presoiro
tamén me querían levar-e
ai, alí, ao lavadoiro.
5. Son filla dun paradista
todos son do meu ighual-e
tamén me querían levar-e
a posesión do corral-e.
6. Eu xa fun a Betanzos
a xunto de Juan Liñares
e leváronchem' os cartos
que che fixen dos pinares.
7. E tamén che fun a Órdenes
ai, a xunto dos Cuncheiros
lévaronchem' os cartiños
que fixen dos abeneiros.
8. Fun ás leghuas a Marzoa
todo foi p'a reghalar-e
sóbosem' o conto todo
polo c onde de Moar-e.
9. E tamén xa fun aos ovos
á casa do noso cura
cantos má reghalos fagho
canto má reghalos fagho
o bolsillo más acurra.
10. Todo esto é a unha historia
todo esto é un cantar-e
sóupesem' o conto todo
polo conde de Moar-e.

